

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DE COMPOSTELA "SARELA" PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA CONSISTENTE NA PRESTACIÓN DUN SERVIZO ESPECIALIZADO DE TRANSPORTE ADAPTADO DESTINADO A PERSOAS CON DANO CEREBRAL GRAVE RESIDENTES NO RURAL NO EXERCICIO 2025

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

D. Luciano Fernández Pintor, en calidade de presidente da Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela", con NIF G15775604, nomeado pola asemblea xeral en data 28 de marzo de 2025, ao abeiro das funcións establecidas no artigo 32 dos estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial

outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" , entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2001/000569-1, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1438.

A Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" é a única entidade social especializada na atención ao Dano Cerebral Adquirido, que da cobertura ás persoas residentes nas áreas sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza. Son máis de 450.000 persoas as que habitan na área de atención sanitaria referida. Segundo a última enquisa EDAD realizada en 2020 polo INE, máis dun 2% da poboación galega vive con Dano Cerebral Adquirido que, en termos absolutos son máis de 50.000 persoas para toda Galicia, arredor de 9.000 proporcionalmente para a zona citada.

A Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" atende a persoas no Servizo de Atención Diúrna Terapéutica, que acoden dende concellos limítrofes a Santiago de Compostela, na maioría rurais. Para a asistencia e participación plena destas persoas, o transporte é un servizo esencial de accesibilidade, recoñecido pola normativa estatal e autonómica.

A realidade territorial da área de influencia está marcada pola forte dispersión xeográfica, típica de Galicia. As persoas usuarias residen, especialmente, en contornas rurais e aldeas pertencentes os concellos de Arzúa, O Pino, A Estrada, Vedra, Brión, Trazo, Ordes, Oroso, Teo, Ames, e na contorna rural de Santiago de Compostela.

Tendo en conta o perfil das persoas usuarias do servizo de atención diúrna terapéutica, con secuelas na mobilidade e, sobre todo, na súa capacidade cognitiva, é necesario

realizar uns desprazamentos que implican ir ao seu domicilio. A realización deste transporte é completamente imposible facelo a través de transporte público ou de gran formato, tipo autobús, pola dispersión e os tempos a permanecer no transporte, e pola falla de supervisión dun acompañante.

A xustificación deste convenio vén motivada pola necesidade de dispor dun servizo de transporte adaptado especializado e de carácter extraordinario cuxa posta en marcha se fundamenta en factores territoriais e sociais que pretenden corrixir as desigualdades existentes no acceso aos servizos sociais esenciais.

Así pois, o servizo está destinado a persoas con dano cerebral grave residentes en zonas rurais de alta dispersión poboacional, afastadas dos núcleos urbanos, que non contan con servizos públicos de transporte ordinario. Así mesmo, os usuarios son persoas de escasos recursos económicos que en moitos casos carecen de redes familiares de apoio.

Trátase, polo tanto, dunha prestación especializada que responde a necesidades específicas e complexas, derivadas das secuelas neurolóxicas graves que afectan á mobilidade, comunicación, conduta e a autonomía persoal das persoas usuarias e que garante os dereitos deste colectivo en condicións de igualdade, seguridade e accesibilidade. É un servizo de transporte específico para as persoas que viven na contorna rural, o que dificulta o seu traslado conxuntamente con outras persoas que viven en zonas máis próximas ao centro no que se prestan os servizos.

V. En consecuencia, e conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" é unha entidade que presta este tipo de servizos que debido á súa singularidade dificultan a súa convocatoria pública e, polo tanto, son susceptibles de ser subvencionadas a través dun procedemento de concesión directa que se instrumentará por medio do presente convenio, e que terá como obxecto o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade dun programa especializado de transporte adaptado de carácter extraordinario destinado a persoas con dano cerebral grave residentes no rural que reciben servizos de atención terapéutica ambulatoria e diúrna na Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela".



VI. Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" é a única entidade social especializada na atención ao Dano Cerebral Adquirido, que da cobertura ás persoas residentes nas áreas sanitarias de Santiago de Compostela e Barbanza. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento dos gastos derivados da posta en marcha dun programa consistente nun servizo especializado de transporte adaptado de carácter extraordinario destinado a persoas con dano cerebral grave residentes no rural que reciben servizos de atención terapéutica ambulatoria e diúrna na Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela", baixo o réxime establecido nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da posta en marcha dun programa consistente nun servizo especializado de transporte adaptado de carácter extraordinario destinado a persoas con dano cerebral grave residentes no rural que reciben servizos de atención diúrna terapéutica na Asociación de

Dano Cerebral de Compostela "Sarela", na Rúa Pedro Cabezas González 3, en Santiago de Compostela.

A asistencia diaria está indicada para promover a súa autonomía persoal e reducir a súa dependencia, e trabállase a través de diferentes actividades, como son entre outros, fisioterapia, logopedia, psicoloxía, estimulación sensorial, psicomotricidade, terapia ocupacional e ocio. A ausencia deste recurso impediría o acceso aos centros e a participación nas actividades, afectando directamente o dereito á inclusión, a autonomía e a calidade de vida das persoas e das súas familias

O servizo de transporte debe contar con varios vehículos, unidades adaptadas con rampas e sistemas de ancoraxe para cadeiras de rodas. Ademais, para a prestación do servizo é necesario contar con dous/dúas profesionais en cada ruta: condutor/a, responsable da conducción segura e da ruta e coidador/a acompañante, imprescindible para apoiar no acceso ao vehículo a persoas con dificultades de mobilidade, a quen presenta limitacións cognitivas e garantir a seguridade de quen mostra problemas de conduta, entre outros.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

Considéranse actuación subvencionables o gastos derivados da execución do programa por parte da entidade Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela", consistente na posta en marcha dun servizo especializado de transporte adaptado de carácter extraordinario para persoas con discapacidade.

Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.

Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela", é de 95.835,00 euros.

Para o cumprimento das actuacións previstas deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará oitenta e sete mil cincocentos quince mil euros (87.515,00€), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais

da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

CUARTA. *Obrigas da entidade*

1. Ademais das obrigas recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, a entidade beneficiaria desta axuda está obrigado a:

a) Realizar as actuacións que conforman o programa que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar a realización das anteditas actuacións nos termos esixidos neste convenio, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras deste convenio.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións que conforman o programa subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa , ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño..

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións que conforman o programa que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. Gastos subvencionables

1. Son gastos subvencionables os derivados da execución do programa, conforme ao previsto na memoria económica, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de decembro de 2025, ambos os dous incluídos, tendo en conta a data límite para a súa xustificación.
2. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite para súa xustificación, consonte o establecido no parágrafo seguinte.
3. A data límite para presentar a documentación xustificativa será do 30 de decembro do 2025.
4. En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto corrente directamente relacionado coas actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica.

Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.

Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

OITAVA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actuacións achegando a documentación prevista na cláusula sétima.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como

non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se fose o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, a Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA. Xustificación da subvención

En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación que remata o 30 de decembro de 2025.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento do mesmo mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

Coa xustificación final do convenio ou, en todo caso, unha vez rematadas todas as actuacións do programa a subvencionar polo convenio, a entidade beneficiaria presentará:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actuacións realizadas ao abeiro do programa a subvencionar a través deste convenio.
- b) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluíra a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes e/ou facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Igualdade foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

d) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio ou, de percibilas, detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións que conforman o programa subvencionado, con indicación do importe e a súa procedencia, tal é como se establece no artigo 51 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

e) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

f) A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento dos gastos imputables ao mes de decembro, do documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2026.

DÉCIMA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións que conforman o programa obxecto da subvención, o alcance do incumprimento

determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións obxecto de subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento..

DÉCIMO PRIMEIRA. *Inexistencia de relación laboral*

A Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actuacións propostas no marco do programa específico.

A subscrición do presente convenio non leva consigo ningunha relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións obxecto do programa , de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DÉCIMO SEGUNDA. *Subcontratación*

A Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 100 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, para a súa debida execución, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actuacións programadas.

A subcontratación terá por obxecto, entre outras, a execución dun servizo especializado de transporte adaptado de carácter extraordinario destinado a persoas con dano cerebral grave residentes no rural que reciben servizos de atención terapéutica ambulatoria e diúrna na Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela".

A Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela", no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de

Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO TERCEIRA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada unha das partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no programa a subvencionar a través do presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da Asociación de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" designadas por cada unha das persoas que representen ás partes asinantes, así como as súas suplentes.

A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, a actuación subvencionada a través do presente convenio que realizase pola Asociación de de Dano Cerebral de Compostela "Sarela" dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderá ser subvencionada ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO QUINTA. *Publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de

Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO SEXTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do

27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SÉTIMA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambas as dúas persoas comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

Pola consellería de Política Social e
Igualdade
A conselleira

Pola Asociación de Dano Cerebral de
Compostela "SARELA"
O presidente

Fabiola García Martínez

Luciano Fernández Pintor